

AVISOS E NOTIFICACIÓNS

NOTA IMPORTANTE: Amplíanse os días para as celebracións de “cumples”. Poderase utilizar o salón os venres (rematando ás 21:00 horas), sábados e domingos. O prezo para utilizar o salón cos inchables é de 35 EUR. Agora contamos coa colaboración de Eva, unha animadora de “cumples” coñecida como a “Payasa Piruleta”. Fai bailes cos pequenos, pinta as caras, fai xogos con globos e organizaos para merendar. O seu prezo é de 10 EUR/hora.

PEÑA ANTORCHA: A Peña Antorcha comunica que o último venres de cada mes se fará o cobro desta. Horario de 21:30 a 22:00 horas.

ACLARANDO CONCEPTOS:

Algúns veciños, socios da Casa Cultural, teñen amosado os seus desexos de participar no traballo de corta dos eucaliptos ofertados pola Directiva do Monte en Man Común.

Queremos explicar que a Directiva da Antorcha non pode, nin debe, comprometerse con ese traballo, pois non estamos preparados para el.

En conversación co señor Presidente do Monte, explicamos que se podería mancar alguén ou estragar os castiñeiros que existen ao lado da posible corta. Este ofreceuse para mediar ante os cortadores de xeito que corten e preparen a leña, cargando o custo á Sociedade Antorcha.

Agradecemos o detalle e quedamos á espera. Posteriormente se falará cos socios que preguntaron.

Moitas grazas a todos.

Por último, dar as grazas a todas esas persoas que continuamente están en contacto con nós a través do correo electrónico (casaculturalantorcha@hotmail.com). Tamén un recordo moi especial para os familiares e amigos que desde Bos Aires fan os seus agarimosos comentarios.

Se algún veciño quere facer publicidade do seu negocio no boletín que se poña en contacto coa Casa Cultural.



Paseo Matutino, 8 Telf 650 131 747



TODO EN VIDROS E DERIVADOS
DECORACIÓN - MARQUETERÍA

Tlf./Fax: 986 66 16 42
cristal@cristaleriacondado.com
www.cristaleriacondado.com

AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)



MADERAS
HERMANOS
CASTRO, S.L.

Maderas para Construción y Carpintería
Tratamiento de maderas en autoclave
Frisos - Tarimas, etc.

Tlf y Fax : (0034) 986 641 674
administracion@maderashermanoscastro.com
www.maderashermanoscastro.com
Apto. 148 36869 BUGARIN - PONTEAREAS



C/ Real, 10
36860 PONTEAREAS
Tel.: 986 644 195

UNIDAD MÓVIL: 608 089 058



986 66 11 11
Ponteareas



Casa Cultural Antorcha

BOLETÍN INFORMATIVO · MAIO 2014

casaculturalantorcha@hotmail.com

Número 49

ACTOS PROGRAMADOS

10
MAIO

ACTIVIDADE LÚDICA

A Casa Cultural Antorcha de Cristiñade invita a tódolos socios a unha actividade en familia na tarde do día 10 de maio. Para os nenos menores de 10 anos o horario será ás 17:00 horas e para os nenos maiores de 10 anos a partir das 19:00 horas.

DÍAS DAS LETRAS GALEGAS

Con motivo do día das Letras Galegas, a Casa Cultural Antorcha de Cristiñade organiza unha actuación ás 18:00 horas na que participarán os máis cativos da casa.

18
MAIO

FESTA DE SAN GREGORIO: A misa terá lugar ás 12:30 horas e a continuación haberá baile-vermú.

TEATRO: Ás 19:00 horas o Grupo de Teatro “Anomalía” porá en escena a obra **MALA PARTILLA TE COMA!**

ANDAINA A SAN CIBRÁN

A Casa Cultural Antorcha de Cristiñade organiza unha andaina ata San Cibrán para tódolos veciños o domingo día 25 de maio. A saída será desde o Torreiro da Igrexa ás 10:00 da mañá. Pasaremos pola Fonte da Presa, Penela e Fraga do Rei. Tódolos que desexen levar tractores que contacten coa Directiva.

8
XUÑO

XANTAR

O domingo día 8 de xuño a Casa Cultural Antorcha de Cristiñade organiza un xantar para tódolos veciños.

O menú consistirá nun 1.º de salpicón, un 2.º de xamón asado con patacas e guarnición e de sobremesa, torta de mazá. Todo acompañado de pan, viño, auga e refrescos.

Pódense traer outros doces, café e chupitos da casa ou pódense mercar na cantina. Os comensais non poden esquecer traer pratos, vasos e cubertos.

O prezo é de 10 EUR para os socios e de 13 EUR para os non socios. Os nenos ata os 7 anos non pagan e ata os 12 pagan a metade. O xantar será de balde para os maiores de 80 anos.

Os interesados deben anotarse na cantina da Casa Cultural **antes do día 1 de xuño.**

17
MAIO

25
MAIO



Marcas: Pitollos- Pie Santo- Tolino, etc.
Niños Pablosky
ZAPATOS DE BAILE GALLEGO
Niños- Señora – Caballero
CALVARIO PEATONAL, 223
Tel. 986273413 VIGO



Pastelería
Costas
Panadería-Degustación
Especialidad en tartas y semifrios
Café para llevar

Rúa Portela, 22 Bajo
986 271 835
36205 VIGO

Avda. Gregorio Espino, 10 Bajo
986 137 721
36205 VIGO



www.aluarmo.com
SEQUEIROS N.º 1, NAVE 1, CRISTIÑADE
PONTEAREAS - PONTEVEDRA
986 644 186

SIGANOS EN FACEBOOK Y YOUTUBE:
<https://www.facebook.com/aluarmo>
www.youtube.com/user/aluarmo

- COCINA Y BAÑO
- CAMPING Y JARDÍN
- VEHÍCULOS ESPECIALES
- PANERAS Y BUZONES
- MAMPARAS OFICINA Y BAÑO
- VITRINAS
- ARMARIOS EMPOTRADOS
- TABIQUES MÓVILES
- CUBRETTENDALES
- ESTRUCTURAS METÁLICAS
- CERRAMIENTO
- TARIMA Y PUERTAS DE PASO





¡Como nos divertimos! O grupo de teatro da Casa Cultural Antorcha representou unha obra teatral que fixo a delicia dos asistentes. Incrible como catro actores encheran un escenario tan grande como o da Cultural. Verdadeiramente parecían profesionais do ramo. Ánimo e que pronto nos deleiten cunha nova obra. ¡Parabéns para todo o grupo!

CURSOS



PILATES

Ampliación de horarios: martes e xoves de 9:00 a 10:00 horas da mañá. O prezo é de 20 EUR ao mes para os socios e de 23 EUR ao mes para os non socios. A primeira clase de proba é gratuíta. Continuará o outro horario de 20:00 a 21:00 horas, pero con diferentes profesores.

BAILE DE SALÓN

As clases de baile serán os venres ás 22:00 horas. O prezo é de 25 EUR por parella. Os que non sexan socios pagarán 31 EUR.



CONTACONTOS

Manualidades e animación á lectura para tódolos nenos e nenas. Actividade de balde para tódolos socios a partir de 3 anos. Os non socios pagarán 3 EUR ao mes.

XOGOS DE MESA

Comezamos unha actividade nova dirixida a nenos e nenas a partir de 8 anos. Trataremos de pasar un bo rato cos xogos de mesa que os nenos queiran: xadrez, damas, parchís, conecta4, tragabolas, oca, etc. Agradeceremos a colaboración dos que queiran traer da casa algún xogo diferente para compartir. Esta actividade é de balde para os socios. Os non socios pagarán 3 EUR ao mes.



ACTIVIDADES TEATRAIS

Iniciación ao teatro. Actividade destinada a mozos e mozas de 12 a 18 anos. Esta actividade tamén é de balde para os socios. Os non socios pagarán 3 EUR ao mes.



REPUESTOS LEDO

Recambios, Accesorios e Industria

C. Progreso, 39 36880 A CAÑIZA
Tel. 986 652391 Fax: 986 652219
C. Real, 12 36860 PONTEAREAS
Tel. 986 660127 Fax: 986 660841
admin@repuestosledo.net

DISTRIBUCIONES ELOYALDR

Tel.: 605 96 00 09ALDIR ALXEN · C. I. F. B-36.568.590



INICIACIÓN Á GUITARRA

O día 2 de maio ás 18:00 horas empezan as clases de iniciación á guitarra. Esta actividade é de balde para os socios. Os non socios pagarán 3 EUR ao mes.

GAITA E PERCUSIÓN

Tódolos interesados teñen que falar con Antonio Gutiérrez. Esta actividade terá lugar os mércores ás 21:00 horas.



ARTE FLORAL

Próximamente dará comezo o curso de arte floral. O curso consta de 20 horas en total. O horario será os venres de 19:00 a 21:00 horas. O prezo total do curso é de 10 EUR para socios e de 13 EUR para os non socios.

Os horarios dos cursos quedan como segue a continuación:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
	Pilates		Pilates	Guitarra
	9:00 a 10:00 h / 20:00 a 21:00 h		9:00 a 10:00 h / 20:00 a 21:00 h	18:00 a 19:00 h
Contacontos	Xogos de mesa	Gaita e percusión	Actividades teatrais	Baile
18:00 a 19:00 h.	18:00 a 19:00 h	21:00 a 22:00 h	19:00 a 20:00 h	22:00 a 23:30 h

Se queres que a Antorcha alumee constantemente, **¡FAITE SOCIO!**

Tódolos veciños que o desexen, aínda poden inscribirse preguntando na cantina da Casa Cultural Antorcha.



Casa Cultural
Antorcha

Recordamos que os socios pendentes de efectuar o pagamento do recibo o teñen a súa disposición na cantina da Casa Cultural Antorcha.

Tamén informamos de que os socios que queiran recibir este boletín por correo electrónico poden enviar a súa dirección de correo a casaculturalantorcha@hotmail.com

Foto Imagen
C/ Amado Garra, 8
PONTEAREAS
TEL. 986642780

Fotografía y Vídeo Profesional

Reportage social: BODAS, BAUTIZOS, COMUNIONES, ...
Reportage de estudio - diseño - foto carnet
Restauración de fotos - Enmarcado

Asesoría Técnica Agrícola

AGROVITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Delio Rodríguez nº4 baixo
36.860 Ponteareas
agrovitis@gmail.com
www.agrovitis.es

LED0

COPISTERÍA - LIBRERÍA
Y PAPELERÍA

- PLOTEADO PLANOS
- COPIAS EN COLOR
- PLANOS AL MOMENTO
- ENCUADERNACIONES
- PLASTIFICADOS
- MATERIAL DE OFICINA
- MATERIAL ESCOLAR
- SERVICIO FAX
- IMPRESIÓN DIGITAL

C/ - Vidales Tomé, 14
Tf. 986 64 22 06 - Fax: 986 64 20 69

liberialedo@gmail.com